



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
O U R E N S E

SECRETARÍA

**DON BENITO GONZÁLEZ PÉREZ, SECRETARIO DA EXCMA.
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE:**

C E R T I F I C O: Que o Pleno da Corporación provincial, na sesión ordinaria do día **29 de maio de 1998**, adoptou o seguinte **Acordo**:

**AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE Ó FUNCIONARIO D. ALBERTO
IGLESIAS NOGUEIRA, PARA A ACTIVIDADE PRIVADA DA AVOGACÍA**

Dáse conta do seguinte dictame da comisión informativa de persoal:

"Vista a solicitude formulada polo funcionario provincial D. Alberto Iglesias Nogueira, interesando o recoñecemento de compatibilidade do posto que desempeña de técnico de admón. xeral no Cadro de Persoal desta Deputación, co exercicio profesional da avogacía, **proponse**, coa reserva de voto do BNG e abstención do PSdeG.-PSOE, concederlle a compatibilidade que solicita, consonte ó previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, no referente a actividades privadas, é dicir, con suxeición á xornada de traballo e horario, e a non invocar nin facer uso da condición pública para o exercicio da actividade profesional privada; así como á non realización de actividades profesionais privadas que teñan relación con este organismo público (artigos 11 ó 15 da citada lei), por si nin por persoa interposta".

Na deliberación, o **Sr. Conde Gómez**, do BNG, manifesta que ata agora o BNG viña votando a favor destas compatibilidades, pero agora existe xa un prazo para a presentación do catálogo de postos de traballo e é evidente que determinados postos de nivel superior terán dedicación especial, para os que non será posible concede-la compatibilidade. Por todo isto solicita que se atrase este asunto ata a aprobación do catálogo de postos de traballo.

O **Sr. Vázquez Fernández**, do PSdeG.-PSOE, manifesta que o seu grupo considera tamén que se debe esperar polo catálogo para determinar esta compatibilidade, tendo en conta as circunstancias que concorren.

O **Sr. Vázquez Vázquez**, do Grupo Popular, considera que todos teñen o mesmo dereito e procede a concesión da compatibilidade ó non existir na Deputación o complemento específico senón un resto de retribucións complementarias, e que no seu momento se decidirá o que proceda en relación co catálogo.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
O U R E N S E

SECRETARÍA

O Sr. **Conde Gómez**, do BNG, fai constar que non se trata de estudar los conceptos retributivos, senón de determinar quen debe ter unha especial dedicación, na que indubidablemente deben estar incluídos os funcionarios técnicos do Grupo A, polo seu elevado nivel e polo seu cometido, sen esquecer as connotacións políticas que se produciron nas oposicións a esta praza.

O Sr. **Vázquez Vázquez**, do Grupo Popular, reitera que non se pode privar agora dun dereito e que no seu momento se estudiará debidamente o catálogo.

O Sr. **Presidente** fai constar que o catálogo se presentará no mes de xullo, pero a determinación concreta das retribucións, das que se derivarían as incompatibilidades, non vai ser posible facelas nese mes. Seguidamente somete a votación o dictame antes transcrito que resulta aprobado cos 16 votos favorables dos representantes do Grupo Popular, votando en contra os 4 representantes do PSdeG.-PSOE, os 3 do BNG e 1 do Grupo Mixto.

E para que conste, - nos termos do artigo 206 do vixente R.O.F.-, expido a presente certificación en Ourense, o vintenove de maio de mil novecentos noventa e oito.

V. e pr.

O PRESIDENTE,